

XOGANDO CA LUZ

EXPERIENCIA 1: ESPECTROSCOPIO

MATERIAL:

- ROLO DE PAPEL DE COCIÑA
- TESOIRAS OU CÚTER
- CD
- LÁPIS
- ANACO DE CARTÓN OU CARTOLINA
- CINTA
- TÉMPERAS




PASOS:

1. NA PARTE INFERIOR DO TUBO FACER UN CORTE CO CÚTER DE 45°



2. Á MESMA ALTURA QUE O CORTE PERO DO OUTRO LADO DO TUBO FACER UNHA PEQUENA "MIRILLA".



3. COLOCA O TUBO SOBRE O ANACO DE CARTÓN OU CARTOLINA DE XEITO VERTICAL, MARCA O CONTORNO E RECORTA O CÍRCULO RESULTANTE. NO PROPIO CÍRCULO RECORTA UN PEQUEÑO RECTÁNGULO E LOGO, CA CINTA, PEGA O CÍRCULO Á PARTE SUPERIOR DO TUBO.



4. COLOCA O CE NA RANURA CA PARTE BRILLANTE CARA ARRIBA. AO MIRA POLA "MIRILLA" VERÁS COMO A LUZ SE DESCOMPÓN EN CORES.



EXPERIENCIA 2: CALEIDOSCOPIO

MATERIAL:

- ROLO DE PAPEL HIXIÉNICO
- PAPEL DE ALUMINIO OU PARTE INTERIOR DUN BRIK
- CARTOLINA BRANCA
- TESOIRAS OU CÚTER
- CINTA
- PALLIÑA
- ROTULADORES OU PEGATINAS PARA DECORAR OS CÍRCULOS DE CARTOLINA
- OPCIONAL: TÉMPERAS PARA DECORAR O TUBO



PASOS:

1. RECORTAR TRES TIRAS DE PAPEL DE ALUMINIO OU DO BRIK TAN LONGAS COMO O TUBO E UNILAS CON CINTA PARA LOGO DOBRAR EN FORMA DE PRISMA E INTRODUCIR NO TUBO.



2. RECORTAR A PARTE FLEXIBLE DA PALLIÑA E PEGALA NO TUBO CON ESTA PARTE CARA FORA.



3. RECORTAR TRES CÍRCULOS DE CARTOLINA BRANCA E DECORALOS COS ROTULADORES E AS PEGATINAS. FACERLLE UN BURATO NO MEDIO PARA PODER PASAR A PALLIÑA.

4. COLOCAR O CÍRCULO NA PALLIÑA E IR XIRÁNDOO MENTRES SE VE POLO TUBO.

